

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**14505** *Real decreto 1385/2009, do 28 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e da acuicultura con destino ao consumo humano.*

O Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e da acuicultura con destino ao consumo humano, que foi obxecto de diversas modificacións, foi parcialmente derogado polos reais decretos 645/1989, do 19 de maio, e 1437/1992, do 27 de novembro, e completado polo Real decreto 1193/2000, do 23 de xuño, continuando en vigor o seu anexo 4, no cal se recollen as denominacións dos produtos da pesca conservados, con indicación dos nomes vulgares e das denominacións científicas das especies, así como as denominacións normalizadas dos correspondentes produtos conservados. Entre tales especies encóntranse o atún, *Thunnus thynnus* (L), o patudo, *Thunnus obesus* e o listado, *Katsuwonus pelamis*, para cuxos produtos conservados figura como denominación normalizada a de atún. Por outra parte para o rabil, *Thunnus albacares*, figura como denominación normalizada do produto en conserva a de atún ou atún claro.

Pola súa parte, o Regulamento (CEE) nº 1536/1992, do 9 de xuño, polo que se aproban as normas comúns de comercialización para as conservas de atún e de bonito, recolle no seu anexo as especies cuxas conservas se poden comercializar coas denominacións de atún e de bonito. Ademais, no artigo 5.3 do dito regulamento sinálase que no caso de que exista un uso comercial establecido, a denominación de venda poderá designar o tipo de peixe utilizado (atún ou bonito) e a especie de que se trate co nome que o uso teña consagrado no Estado membro en que comercialicen os produtos.

A denominación «atún claro» só se recolle na normativa técnico-sanitaria aplicable aos produtos da pesca que se comercialicen en España para o rabil, *Thunnus albacares*, de acordo co Real decreto 1193/2000, do 23 de xuño.

Porén, desde o ano 2002, o mercado español, debido á súa europeización e internacionalización, admitiu con toda naturalidade que o «atún claro» non se limita ao atún da especie rabil (*Thunnus albacares*) senón que baixo esta denominación se comercializan en España outras especies moi variadas de atún, sendo corrente o uso tradicional do patudo, en especial os exemplares xuvenís, así como a utilización doutras especies baixo esta denominación.

Tendo en conta os estudos recentes realizados, resulta oportuno que para os produtos conservados de patudo se admita a denominación normalizada de atún claro ademais da de atún, tal como figura no citado anexo 4. En consecuencia, resulta necesario modificar o número 45 do anexo 4 do Real decreto 1521/1984, de acordo co previsto na disposición derradeira segunda deste, que autoriza os ministerios competentes para ditaren as disposicións necesarias para completar, desenvolver e cumprir mellor o disposto nel.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados, tendo emitido informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade de información, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Sanidade e Política Social e de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de agosto de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do anexo 4 do Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto.*

A redacción do número 45 do anexo 4 do Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e acuicultura con destino ao consumo humano, queda substituída pola seguinte:

«Nomes vulgares das especies: 45. Patudo.

Denominacións científicas das especies: *Thunnus obesus*.

Denominacións normalizadas dos produtos conservados: Atún ou atún claro.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 28 de agosto de 2009.

JUAN CARLOS R.

A Vicepresidenta Primeira do Goberno  
e Ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ